

COVA DA XABREIRA

ECO-EXPERIENCIA

PICNIC A CARABELA

Localización

Seadur, Larouco

Dispoñibilidade

De marzo a outubro

Horarios

Xoves, a partir das 17 hs / venres e sábado de 13 a 20 hs / domingo de 13 a 17 hs

Duración

2 horas e media

Grupos

Mínimo 4 persoas, máximo 15 persoas

Idiomas

Galego, español ou inglés

Reservas e condicións

- > Reserva e pago: Realízase en liña cun mínimo de 48 horas de antelación.
- > Acéptanse ata 6 cestas diarias, cun máximo de 12 persoas por reserva (2 persoas por cesta).
- > Recollida de cestas: de 11:00 a 14:00 hs. Posibilidade entre 20:00 e 22:00 hs, aínda que se recomenda facelo antes do peche do establecemento (18:00 hs).
- > Cancelacións: gratuítas ata 24 horas antes da data reservada.

Inclúe

- > Enxoval: 2 pratos de cerámica, 2 copas de cristal, cubertos para dúas persoas, 1 pano de tea, 1 sacacorchos.
- > Bebida: 1 botella de viño Cova dá Xabreira.
- > Complementos: 1 mapa con roteiros recomendados por Seadur.

Selección de produtos locais

Existen 3 categorías: cesta con produtos típicos de Valdeorras (carnívora), cesta vegana e cesta familiar. No momento de facer a reserva da actividade na [páxina web de Cova da Xabreira](#), poderás escoller entre estas 3 opcións de menú, que poderían variar en función da dispoñibilidade ou época do ano.

Descrición da actividade

Descobre a tradición de "**A Carabela**", o termo valdeorrés que fai referencia á unha pequena comida que se levaba para ir traballar ao campo, á pesca ou unha romaría para gozar ao aire libre.

Nesta experiencia, convidámosche a recuperar esa esencia e a mergullarche na beleza natural de Seadur mentres gozas dun picnic entre viñedos e antigas covas rehabilitadas.

Esta proposta é ideal para quen busca un plan relaxado sen renunciar ao pracer da boa mesa.

Cova da Xabreira pon á túa disposición unha cesta de picnic con todo o necesario para que goces dunha experiencia gastronómica en plena natureza.

Prácticas ecoamigables

- > Uso de enxoval reutilizable para reducir residuos.
- > Apoio á produción local. Selección de produtos de proximidade e viños da adega.
- > Fomento do turismo sostible: percorridos a pé polos viñedos e roteiros de baixo impacto.



COVA DA
XABREIRA

ECO-EXPERIENCIA
PICNIC A CARABELA



+34 988 984 827

lugardeencontros@covadaxabreira.es

www.covadaxabreira.es

Covadaxabreira

covadaxabreira

A Cova da Xabreira